



O Irixo, Luns, 23 de novembro de 2015.

**MAÑÁ, MARTES, 24 DE NOVIEMBRE ÁS 9.30 HORAS O CONCELLO DE O IRIXO CELEBRA UN PLENO NO QUE INFORMARÁ SOBRE A PETICIÓN DUN CRÉDITO DE 50 MIL EUROS Ó TEMPO QUE INCREMENTA O GASTO NOS SALARIOS DO SEU GOBERNO QUE PASARÁ A SER DE 4.059,43 EUROS/MES (48.713,16 EUROS ANO) O QUE COSTARÁ Ó GOBIERNO DE O IRIXO ÓS VECIÑOS DE O IRIXO POR TRES DEDICACIÓNS PARCIAIS.**

**UN INFORME DE LEGALIDADE SOLICITADO POLA OPOSICIÓN DE O IRIXO DECLARA QUE NON PROCEDE O COBRO DE 440 EUROS EN DIETAS QUE LEVABA ANOS COBRANDO UNHA CONCELEIRA DO GOBERNO Ó TEMPO QUE O ALCALDE RESPOSTA CUNHA PROPOSTA PARA O PROXIMO PLENO DÁNDOLLE A ESTA MESMA CONCELEIRA 800 EUROS POR UNHA DEDICACIÓN PARCIAL E PEDINDO UN CRÉDITO DE 50 MIL EUROS.**

**E A DEDICACIÓN EXCLUSIVA DO ALCALDE PASA A SER DEDICACIÓN PARCIAL PERO CO MESMO SOLDADO DE 1.995,95 EUROS QUE SE SUMAN OS 1.263,48 EUROS DA TAMÉN DEDICACIÓN PARCIAL DO TENENTE DE ALCALDE E OS NOVOS 800 EUROS A UNHA CONCELLERIA PARA ATENDER A CULTURA NO IRIXO**

O portavoz do grupo municipal socialista no concello de O Irixo, Iago Fariñas Valiña, ven a denunciar o despilfarro a que somete o goberno de O Irixo a este concello, onde o goberno lle custará a este concello **4.059,43 EUROS/MES por tres adicacóns parciais Ó TEMPO QUE O CONCELLO PIDE UN CRÉDITO DE 50 MIL EUROS;**

**1.995,95 euros** seguirá cobrando o alcalde Manuel Penedo, pero **cambiando a súa dedicación exclusiva actual por unha dedicación parcial. Os socialistas xa advertiran nun Pleno ó alcalde que non podía ter unha dedicación exclusiva e pasar as tardes despachando no negocio familiar como viña facendo ó longo destes anos.**

**1.263,48 euros** cobra Don Manuel Cerdeira, tenente de alcalde, por unha dedicación parcial.



**800 euros** pasará a cobrar a concelleira María José Villanueva Dejuane para atender, segundo o alcalde, a cultura de O Irixo “*para atención a organización de servizos municipais no ámbito da cultura...*”. Consecuencia do informe de legalidade solicitado pola oposición.

A solicitude dos grupos da oposición, que solicitaron o pasado 10 de setembro de 2015 un informe de legalidade para que;

**“1º.- Que polo secretario interventor do Concello de O Irixo *se emita informe de legalidade referente dos pagos que se veñen realizando á concelleira do Partido Popular Dona María José Villanueva Dejuane.***

**2º.- Que de ser o caso, polo secretario interventor do Concello de O Irixo se fagan os reparos oportunos a ditos pagos ós efectos legais oportunos.”**

O pasado día 20 de novembro notificase ós grupos da oposición as conclusións de dito informe onde o secretario interventor municipal **CONCLÚE;**

**“A legalidade da situación actual, en opinión do funcionario que suscribe, si se entende que se abonan os 440 euros como dietas, non corresponden e non procede, por estar as *asistencias* reguladas para supostos de gastos de órganos corporativos, que non é o caso.**

*Este gasto escapa do concepto estricto de gastos protocolarios ou representativos, pero o falar unha concreción obxetiva sobre o concepto de gastos de representación, parece necesario que se delimitara o concepto polo Pleno da Corporación, a través das Bases de Execución de Orzamento.*

*Sendo que se abonan dietas por 11 días, cando a realidade é que se presta o servizo seis días a semana, ou sexa uns 24 días o mes, parece que o criterio mais ben enténdese coma unha indemnización, e que se tomou, no seu día, esa referencia para establecer unha cuantía, si ben este concepto esixe que sexan gastos efectivos e xustificadas documentalmente según as normas de aplicación xeral nas Administracións Públicas e as que respecto aprobe o Pleno da Corporación...*

*En todo caso, a situación non esta definida, polo que **entendo non procede mantela tal como está configurada...***



**Ó tempo que o concello de O Irixo incrementa o gasto nos soldos dos membros do goberno, ven aprobar o expediente para proceder a operación de tesorería por importe de 50 mil euros ... ca solicitude dun crédito de 50 mil euros.**

Ó portavoz do grupo municipal socialista Iago Fariñas Valiña, parécelle **increible que o goberno do Irixo cobre máis de 4 mil euros ó tempo que pide un crédito de 50 mil euros,** ¿onde están eses máis de 200 mil euros que dicía ter o concello de superávit cos que dicía que arranxaría as capelas do concello no período preelectoral...?

Un concello como O Irixo non se pode permitir pagar dous alcaldes e agora 800 euros máis a unha concelleira que, como non lle poden seguir pagando os favores políticos por dietas como dende fai anos lle pagaban a ela e anteriormente a concelleira prima do alcalde, pois a premian cunha dedicación parcial de nada máis e nada menos que de 800 euros por atender a cultura inexistente no Irixo, un auténtico escándalo se mire como se mire.

Os socialistas consideran isto un feito máis da **política do DESgobierno do PP neste concello e da falta de proxecto, planificación, interese e capacidade de traballo deste goberno, o cal se está aproveitando día tras día do diñeiro de todos para vivir a costa do concello en vez de investir os seus recursos en cousas que saquen ó Irixo do abandono e atraso no que se atopa** mentres o goberno sigue dunha forma ou doutra a cobrar e cobrar e cobrar... aínda que para elo teña que pedir créditos, como é o caso.